

SEGURO AGRARIO COMBINADO (Plan 2025)

Produto*: Uva de vinificación (Península e Baleares) – Liña 312

Documento de información sobre o produto de seguro

Entidade xestora: Agrupación Española de Entidades Aseguradoras de los Seguros Agrarios Combinados, S.A.

Entidade aseguradora subscriitora:

Registrada en:

N.º autorización:



Este seguro contrátase a través da entidade subscriitora en coaseguro con todas as aseguradoras que integran a AGRUPACIÓN ESPAÑOLA DE ENTIDADES ASEGURADORAS DE LOS SEGUROS AGRARIOS COMBINADOS, S. A. (AGROSEGURO) como xestora do sistema. Este documento é un **resumo** das principais coberturas e exclusións que o produto ofrece con carácter xeral e **non constitúe unha proposta axustada ás necesidades do cliente. A información precontractual e contractual completa facilítase noutros documentos** (proposición, condicións xerais, especiais e peritaxe). ****Estas condicións están dispoñibles en Seguros agrícolas/produto*/documentación/ da web www.agroseguro.es. Consulte co seu mediador.**

En que consiste este tipo de seguro?

No pagamento dunha indemnización, nas condicións e límites establecidos no contrato e na normativa aplicable, polos danos obxecto de cobertura sufridos nas producións de vinificación, así como nas súas plantacións e instalacións.



Que se asegura?

Os danos na produción e plantación e, ademais, opcionalmente, nas instalacións, causados polos riscos que se especifican a continuación en función do módulo de aseguramento elixido:

- ✓ **MÓDULOS 1, 2A, 2B e 3:**
 - Pedrazo.
 - Riscos excepcionais: fauna silvestre, incendio, inundación-chuvia torrencial,uvia persistente e vento furacanado.
 - Xeada.
 - Murchamento fisiolóxico na variedade bobal.
 - Resto de adversidades climáticas.

- ✓ **Módulo P:**
 - Pedrazo.
 - Riscos excepcionais: fauna silvestre, incendio, inundación-chuvia torrencial,uvia persistente e vento furacanado.
 - Xeadas e murchamento fisiolóxico na variedade bobal (contratación opcional).

Existe a opción de contratar un seguro complementario para os módulos 1, 2A, 2B e 3.

Para coñecer todos os requisitos necesarios para poder asegurar cada módulo e risco, así como os termos concretos nos que se aseguran, consulte condicións na páxina web.**

Suma asegurada: Calcúlase con base na produción ou unidades declaradas polo asegurado na póliza e do prezo fixado polo asegurado dentro dos límites establecidos polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.



Que non está asegurado?

- ✗ Danos por feitos controlables polo asegurado e calquera cousa que anteceda, acompañe ou siga os riscos cubertos.
- ✗ Danos causados por enfermidades que afectan a madeira, brazos e tronco da cepa.
- ✗ Choiva persistente: enfermidade producida polo fungo *Botrytis cinerea*.
- ✗ **Existen outras exclusións e limitacións para todas as garantías. Para coñecerlas, consulte condicións da póliza na páxina web**.**



Existen restricións no que respecta á cobertura?

- ! **Cobertura:** No módulo P, para xeada e murchamento fisiolóxico, o capital asegurado será do 80 % do valor da produción declarada se se opta por cobertura por parcela. Nos módulos 1, 2A, 2B e 3, para determinados riscos elixírase o garantido entre o 50 % e o 70 % do valor da produción declarada. Ademais, os produtores que figuren na base de datos e cumpran os requisitos establecidos nas condicións especiais poderán elixir un garantido do 80 % nos módulos 2B e 3.
- ! **Mínimo indemnizable:** Para cada risco, ámbito, cultivo e módulo aplicarase un limiar mínimo de danos, entre o 10 % e o 30 %, por debaixo do cal non se cubrirán os danos.
- ! **Límite máximo de danos:** Para os danos causados por mildio establécese unha indemnización máxima do 70 % da produción real esperada da parcela.
- ! **Franquías:** Para cada risco, ámbito, cultivo e módulo aplicaranse franquías de danos ou absolutas, entre o 10 % e o 30 %. Estas franquías aplicaranse de forma independente para cada parcela ou conxuntamente para o total da explotación, en función do risco e do módulo.
- ! **Carencia** de 6 días (salvo que fose contratado o ano anterior).
- ! **Existen outras restricións. Consulte as condicións do seguro na páxina web**.**



Onde estou cuberto?

- ✓ En todo o territorio nacional, agás as Illas Canarias.



Cales son as miñas obrigas?

- Asegurar todos os bens asegurables das parcelas inscritas no rexistro vitícola que posúan na súa explotación dentro do ámbito de aplicación.
- Achegar a documentación solicitada en relación cos bens asegurados.
- Indicar na declaración do seguro a identificación SIXPAC de cada parcela. Ademais, deberase reflectir a superficie real cultivada, o sistema de cultivo, o número de cepas e a súa idade.
- Asegurar en cada parcela unha produción esperada acorde coas producións realmente obtidas en anos anteriores.
- Pagar a prima no tempo e na forma oportunos.
- Cumprir as condicións técnicas mínimas de cultivo, tal como establece o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, e velar, en todo caso, polo bo estado do obxecto asegurado.
- Comunicar o sinistro nun prazo de 7 días, contados a partir da data en que se coñeceu. Deberán realizarse tantas comunicacións como sinistros ocorran.
- Permitirilles a Agroseguro e aos peritos que designe a inspección dos bens asegurados, e facilitarilles a identificación e a entrada nas parcelas aseguradas.
- Se, chegado o momento fixado para a recollida, non se realizase a peritaxe ou non se chegase a un acordo sobre ela, deixaranse mostras testemuñais.
- **Aquelas outras obrigas expresamente previstas nas condicións do seguro dispoñibles na páxina web**.**



Cando e como teño que efectuar os pagamentos?

O pagamento da prima deberá realizarse no momento da sinatura da declaración do seguro, dentro dos prazos establecidos polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

O pagamento da prima poderá realizarse:

- Ao contado (dunha soa vez)
- De forma fraccionada, para o que será necesaria o correspondente aval afianzado de SAECA.



Cando comeza e remata a cobertura?

- **Inicio:**

Para a produción: A cobertura comeza unha vez que entrou en vigor o seguro e sempre que transcorrese o período de carencia (se fose de aplicación) e se alcanzasen as datas ou estados fenolóxicos previstos para cada risco.

Para a plantación e as instalacións. A cobertura comeza unha vez que o seguro entrase en vigor e sempre que transcorrese o período de carencia (se fose de aplicación).

- **Fin:**

Para a produción: A cobertura remata na data máis temperá das seguintes: recolección, momento no que se exceda a madurez comercial, datas e estados fenolóxicos previstos para cada risco.

Para a plantación e as instalacións. A cobertura remata aos 12 meses desde que se iniciaron as garantías.

- **Para coñecer os detalles de aplicación dos períodos de cobertura, consulte as condicións da póliza na páxina web****



Como podo rescindir o contrato?

Ao tratarse dun contrato de duración anual, non será posible a súa rescisión.